




Data Rexistro: 07/04/2017 12:37:42
Nº Rexistro: 2017006567



A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 31 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.25340.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN PARA “ESCOLAS DEPORTIVAS”, PARA O ANO 2017


Visto o escrito da Federación Galega de Balonmán con domicilio social na Rúa Fotógrafo Luis Ksado, número 17, do Concello de Vigo (36209) e CIF: G36690832, solicitando axuda económica para “Escolas deportivas de balonmán” e co informe favorable de Intervención de data 21 de marzo de 2017 e ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de data 24 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a concesión de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €) para o citado fin, con cargo á aplicación 2017/340.3410.489.02 – RC núm. 201700041026.

A subvención será aboada unha vez que se xustifique o importe da axuda con facturas, recibos, etc., que reúnan os requisitos legais esixidos por RD1496/03, de 28 de novembro, sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 75.000 € e realizados co desenvolvemento da actividade, tal como se establece no art. 30 da Lei 38/03, Xeral de Subvencións. Tamén deberá acompañar unha memoria da actividade e acreditar a difusión do financiamento pola Deputación da actividade subvencionada. A subvención concedida deberá xustificarse antes do 31/03/2018.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 4 de abril de 2017

O Secretario,
Por delegación
o xefe do servizo de Deportes
segundo RP nº 2016001033,
de 25 de xaneiro de 2016.



Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

ESCOLAS DEPORTIVAS BALONMÁN

